



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 132  
30 de abril de 2021



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

##### Rexeitamento da iniciativa

###### I 13401 (11/PNC-001348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rebaixar a sinistralidade da estrada PO-313, no treito que vai desde A Cruz da Maceira, no concello de Marín, ata Pardavila

[52560](#)

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

##### Rexeitamento da iniciativa

###### I 6412 (11/PNC-000761)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a construción e posta en funcionamento dun novo instituto en Navia, no concello de Vigo

[52560](#)

###### I 10293 (11/PNC-001058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de construción de seis parques eólicos no monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós

[52560](#)

#### COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

##### Aprobación sen modificacións

###### I 729 (11/PNC-000037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e trece deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios na lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica

[52561](#)



## Aprobación por unanimidade con modificacións

### I 13649 (11/PNC-001384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación coa situación dos menores tutelados no centro Santo Anxo, de Rábade

[52561](#)

## Aprobación por unanimidade sen modificacións

### I 13852 (11/PNC-001409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun proceso de difusión pública en relación co proceso de vacinación contra a covid-19

[52562](#)

## Rexeitamento das iniciativas

### I 13608 (11/PNC-001376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa a sanidade pública no concello de Soutomaior

[52562](#)

### I 13713 (11/PNC-001394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos datos dos contaxios e de persoas finadas con covid-19 nas residencias de maiores, centros hospitalarios e residencias integradas

[52563](#)

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 26 de abril de 2021, polo que se nomea delegado de protección de datos do Parlamento de Galicia

[52563](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 29 de abril de 2021, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da iniciativa

- 13401 (11/PNC-001348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rebaixar a sinistralidade da estrada PO-313, no treito que vai desde A Cruz da Maceira, no concello de Marín, ata Pardavila BOPG nº 119, do 05.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 29 de abril de 2021, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da iniciativa

- 6412 (11/PNC-000761)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a construción e posta en funcionamento dun novo instituto en Navia, no concello de Vigo BOPG nº 66, do 22.12.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 10293 (11/PNC-001058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de construción de seis parques eólicos no monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós  
BOPG nº 96, do 17.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021  
María Montserrat Prado Cores  
Vicepresidenta 2ª

### **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 29 de abril de 2021, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación sen modificacións**

- 729 (11/PNC-000037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e trece deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios na lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica

BOPG nº 9, do 02.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 2 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que acometa, canto antes, os cambios normativos necesarios na lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica.»

#### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 13649 (11/PNC-001384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación coa situación dos menores tutelados no centro Santo Anxo, de Rábade

BOPG nº 121, do 07.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que a Consellería de Política Social programe de inmediato una visita ou reunión co equipo educativo do centro de menores Santo Anxo de Rábade para coñecer a situación e actuar a través de medidas con inmediatez.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver un estudo sobre a situación do centro de protección de menores Santo Anxo de Rábade que conte coa participación do persoal do centro, co obxectivo de determinar as eivas, deficiencias e carencias deste, así como indicar as mudanzas necesarias para garantir o correcto funcionamento do centro e o desenvolvemento do proxecto educativo.

2. Introducir as reformas que sexan necesarias na normativa do centro para adaptar o modelo de intervención e educación ao perfil das rapazas e rapaces internos dotando o persoal dos protocolos necesarios para tal fin.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 13852 (11/PNC-001409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun proceso de difusión pública en relación co proceso de vacinación contra a covid-19

BOPG n.º 123, do 13.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a activar un proceso de difusión pública dos grandes e positivos resultados da vacinación contra a covid-19, da importancia do apoio e confianza nas institucións que o están a habilitar e a desenvolver una campaña de promoción da vacinación entre todos os colectivos que tamén conte coa participación de persoas coñecidas e recoñecidas do mundo científico, social, deportivo, cultural, económico, político e todos cantos ámbitos poidan contribuir.»

### **Rexeitamento das iniciativas**

- 13608 (11/PNC-001376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa a sanidade pública no concello de Soutomaior

BOPG nº 119, do 05.04.2021



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 13713 (11/PNC-001394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos datos dos contaxios e de persoas finadas con covid-19 nas residencias de maiores, centros hospitalarios e residencias integradas

BOPG nº 121, do 07.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 26 de abril de 2021, polo que se nomea delegado de protección de datos do Parlamento de Galicia**

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE establece, no seu artigo 37, que os responsables e encargados de tratamento deberán designar un delegado de protección de datos nos supostos que o propio regulamento establece. Entre eses supostos atópase o de que «o tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público». Esta mesma exigencia establécese no artigo 34 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O citado regulamento sinala entre as funcións da persoa delegada de protección de datos as de:

— Informar e asesorar o responsable ou o encargado do tratamento e os empregados que se ocupen do tratamento das obrigas que lles incumben en virtude do RXPD e doutras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros.

— Supervisar o cumprimento do disposto no Regulamento, doutras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros e das políticas do responsable ou do encargado do tratamento en materia de protección de datos persoais.

— Ofrecer o asesoramento que se lle solicite acerca da avaliación de impacto relativa á protección de datos e supervisar a súa aplicación.

— Cooperar coa autoridade de control.



— Actuar como punto de contacto coa autoridade de control para cuestións relativas ao tratamento.

En consecuencia, a Mesa, ao abeiro do disposto no artigos 3 e 17 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), adopta o seguinte acordo:

Único. Nomear o funcionario do corpo superior do Parlamento de Galicia David González Alonso delegado de protección de datos do Parlamento de Galicia, en substitución da titular, María Vicenta Aneiros González, ata a súa reincorporación.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

